

GRUPO

FORMACIÓN/EDUCACIÓN

Dinamizadora: Margot Valcarce Fernández

margot@ceteca.net, maval@agar.infonegocio.com, mvalcarce@uvigo.es

A transferencia fai referencia ao proceso ou procesos de transmisión polos que lograr que o coñecemento sexa rapidamente incorporado ao mercado de produtos e servizos, en termos de competencia profesional.

A investigación e a formación convértense no principal motor que impulsa e move a transferencia, en termos de axudar ao capital humano e as organizacións a utilizar novos insumos, equipos, etc. que podan aumentar a súa eficiencia.

Esta eficiencia acadada como consecuencia do proceso de transferencia, mellora a competitividade das empresas e nútrese da investigación e a formación do capital humano como principal eixo estratéxico de cambio e innovación.

OBXECTIVOS

Coa intencionalidade de reflexionar no sector agroalimentario acerca das fortalezas da formación e a transferencia do coñecemento na innovación e competitividade do sector agroalimentario, neste grupo pretendese traballar na liña de acadar os seguintes obxectivos:

1. **Mostrar** os aspectos máis relevantes e os beneficios da formación para a empresa agroalimentaria.
2. **Informar** acerca de distintas iniciativas innovadoras e de boas prácticas en materia de formación, na empresa agroalimentaria.
3. **Intercambiar** boas práctica de formación e transferencia do coñecemento, no sector agroalimentario.
4. **Anticipar** as perspectivas a medio prazo da formación no sector agroalimentario en Galicia.
5. **Identificar** as necesidades de cualificación dos RRHH do sector, en consonancia cos retos innovadores das empresas.
6. **Proporcionar** oportunidades para compartir metodoloxías, produtos formativos e boas prácticas.


7. **Producir** materiais e publicacións útiles para o desenvolvemento da competencia profesional no sector.
8. **Investigar** modelos, metodoloxías e recursos transferibles da formación, para a súa adaptación ao sector.
9. **Seguir** a evolución e os cambios na cualificación das persoas no sector.

Máis alongo prazo, e desde o punto de vista do impacto:

1. Conseguir unha maior promoción e proxección das empresas.
2. Conseguir unha mellora da competitividade.

METODOLOXÍA

Si a túa empresa está interesada en incorporarse a este grupo de traballo, podes poñerte en contacto coa dinamizadora e concertar unha cita, para iniciar o proceso que segue:



CICLO DE DESENVOLVIMENTO



¿QUÉ BENEFICIOS PODE TER, PARA A TÚA EMPRESA, FORMAR PARTE DESTE GRUPO DE TRABAJO?

- Poderá dispoñer de información actualizada acerca dos avances en materia de formación.
- Poderá integrarse nun equipo para o desenvolvemento de proxectos conxuntos relacionados coa formación e a investigación na formación.
- Poderá localizar e dispoñer de recursos actualizados.
- Poderá obter asesoramento individualizado e propostas para facer viábeis ideas e necesidades en materia de formación e investigación na formación, dos recursos humanos.